

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Servizos mínimos Folga no SAF 2022

EXPEDIENTE: 2022/G003/001457

Á vista da convocatoria de folga realizada pola Confederación Intersindical Galega (CIG) para o conxunto de servizos de axuda no fogar do territorio galego con inicio o día 2 de novembro de 2022 e por tempo indefinido

Considerando que o Concello de Teo é titular dun servizo de axuda no fogar debidamente acreditado ante a Consellería de Política Social e Xuventude, servizo que se presta a través do correspondente contrato administrativo asinado coa Fundación para el Estudio y la Promoción de la Acción Social (FEPAS) da cal depende o persoal afectado por esta convocatoria de folga.

En virtude do exposto, e ao abeiro das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Establecer os seguintes servizos mínimos para o Servizo de Axuda no Fogar Municipal do Concello de Teo durante a duración da folga á que se refire o presente:

Execución de todos aqueles servizos prestados a persoas que, conforme ao seu plan de traballo, teñan incorporada a prestación de atencións no ámbito das actividades básicas da vida diaria, coas correspondentes tarefas necesarias para a súa correcta execución, sexan de modalidade básica ou de dependencia. Quedando exceptuadas

as tarefas de supervisión de actividades básicas, salvo nos casos de supervisión de medicación, que si deberán realizarse.

O tempo de desenvolvemento da atención axustarase a aquel necesario para a execución das atencións das actividades básicas descritas. Respectándose, de ser o caso, a prestación de servizo en diferentes franxas horarias.

Segundo.- Informar destes servizos mínimos á representación sindical organizadora da folga e á entidade xestora do servizo.

Terceiro.- Facer público a presente resolución mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado na data que figura na marxe

O alcalde,

A secretaria xeral, que dou fe

Rafael Carlos Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz